

NOTA DE PRENSA

O Museo Casa da Troia mantén o ritmo habitual de visitantes e suma arredor de 800 no mes de agosto

Crece lixeiramente o número de turistas estranxeiros

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2012 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa da Troia, que abriu as súas portas o pasado 31 de xullo, mantivo o ritmo habitual de visitantes durante o mes de agosto, arredor de oitocentas, o que supón unha media de trinta visitas diarias, xa que pecha os domingos pola tarde e o luns todo o día. O horario matinal é de 11 a 14 e o vespertino, de 16 a 20 horas.

Crece lixeiramente o número de turistas estranxeiros, que supón case o vinte por cento do total, e tamén se rexistra unha cantidade significativa de santiagueses, arredor dun quince por cento. “Estes rexistros confirman unha vez máis que o museo resulta atractivo para toda a xente que vén a Santiago, con independencia da nacionalidade, e para os propios santiagueses”, segundo suñña **Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, entidade responsable do museo.

As visitas guiadas, que poden ser en galego, castelán, francés e inglés, “funcionan moi ben” e os comentarios que deixan no libro de visitas son “moi eloxiosos e agarimosos, tanto sobre a casa e o mobiliario como sobre as explicacións das guías”, engade **Amor**. Excelente restauración e conservación, ou sorprendente, emotiva e divertida visita son os calificativos máis empregados polo público. Este verán véndese menos mercadotecnia, sendo a novela, ao prezo de doce euros, o artigo con maior saída.

A Casa da Troia, de antiga pensión de estudantes a museo

O edificio que alberga o Museo Casa da Troia construíuse a mediados do século XVIII. Na planta baixa está a recepción, antiga zona de paso tanto das persoas como dos cabalos que baixaban ás cortes. No primeiro andar atópase o vello salón-comedor, tamén habilitado como zona de estudo, e noutra época lugar de ensaio da Tuna Compostelana; e a sala de respecto, unha pequena estancia empregada durante as visitas dos familiares dos estudantes. No segundo andar están os dormitorios. No ático atópase a cociña, ademais dun pequeno dormitorio, que na novela pertencía a Dona Generosa, a patroa. O soto, que antigamente se usaba como corte dos cabalos, está dedicado ás tunas universitarias, e poden admirarse diversos instrumentos musicais, becas, capas, trofeos, fotografías e outras pertenzas da estudantina.

NOTA.- Xuntamos dúas fotos con visitantes estranxeiros